

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 31 de marzo de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.*

O número 5 da base sexta B) das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 e 22 de decembro de 2006 (DOG nº 246 e 247, do 26 e 27 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, esta publicárase no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por epígrafes; así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, polo tanto este centro directivo

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de alergoloxía, anestesiología e reanimación, aparello dixestivo, cardiología, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina nuclear, medicina preventiva e saúde pública, médico urxencias hospitalarias, neurofisiología clínica, obstetricia e xinecoloxía, otorrinolaringoloxía, psicoloxía clínica e uroloxía, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es), relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes, e á valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA****TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA  
DE GALICIA (SALA DO  
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO,  
SECCIÓN SEGUNDA)**

*Edicto (4071/2008).*

Polo presente faise saber que en providencia ditada no día da data, por esta sección segunda, da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, acordouse admitir a trámite o recurso interposto pola procuradora Dolores Villar Pispieiro, en nome e representación de *Inversións a Casa do Monte, S.L.* contra Plan Xeral de Ordenación Municipal da Pobra do Caramiñal, aprobado definitivamente o 25 de outubro de 2007 OR CPTOPT.

Recurso número: procedemento ordinario 00040071/2008.

A publicación deste anuncio servirá de emprazamento ás persoas que, non téndoo sido persoalmente, desempeñen un dereito ou interese lexítimo no citado recurso, podendo comparecer en legal forma no prazo de nove días. Se o fixesen con posterioridade, teráselles por parte para os trámites non precluídos.

A Coruña, trece de febreiro de dous mil oito.

Inmaculada Pérez Arrojo  
Secretaria

**XULGADO DE PRIMEIRA  
INSTANCIA E INSTRUCCIÓN  
NÚMERO DOUS DE VILALBA**

*Edicto (381/2006).*

No procedemento de referencia ditouse a resolución cuxo encabezamento e decisión é do teor literal seguinte:

Encabezamento:

Vistos por M<sup>a</sup> de Luna Tabeada Martínez, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous desta cidade, os presentes autos de xuízo verbal de desafiuamento 381/2006, seguidos por instancia de Isidro Ganso Rey, representado por Antífona López Fernández, baixo a asistencia letrada de Dolores Prado Rouco contra Miguel Ángel Díaz Gómez, en rebeldía.

Decido que se estima integramente a demanda presentada pola procuradora Antífona López Fernández no nome e representación invocada e se declara resolto o contrato de arrendamento do local descrito no feito primeiro da demanda, e que se condena o demandado a deixar libre e expedito o inmovible arrendado, así como ao aboamento da cantidade de once mil oitocentos sesenta euros (11.860 euros)